


CABREIROS

no

TEMPO





A parroquia de Cabreiros está formada por estes barrios ou entidades de poboación:
A Aloulada, A Amosa, Cabreiros, A Carballosa, Caschao, O Castro, As Cernadas, O Chao,
O Empalme, A Fraga, Leboré, Penachaíña, O Rego, O Reguengo, O Revellón, San Martiño,
O San Vitorio, A Touza, A Touza Vella, O Tumbadoiro e Vilacide.

Deseño e fotografías: Cándido Díaz Mosquera

Idea promovida pola AA.VV. de Cabreiros

Textos: Laura Cabarcos Camba

Manuela Vilaboy Romero

Manuel Souto López

Adolfo Cabarcos Saavedra

Caetano Arias López

Xosé Manuel Felpeto Carballeira

Ramón Villares Paz

Coordinación: Cándido Díaz Mosquera

Xosé Manuel Felpeto Carballeira

Xesús Rodríguez Rodríguez

ISBN

Depósito legal

LENDAS DA FONTE DA SANTA MARIÑA

Santa Mariña, mártir, festéxase o 18 de xullo e etimolóxicamente significa “do mar “. Provéñ da lingua latina.

Hai historias de santas e de santos que chegan a impactar porque aínda sen haber moitos datos reais sobre delas e deles están envoltos nunha aura de misterio e lenda que chega a encantar, resultando aparte de interesante e enriquecedor, emotivo.

Mariña naceu en Pontevedra aló polo ano 119. Tivo unha vida dura naqueles primeiros anos do cristianismo envoltos nun sinfín de turbulencias provocadas en gran parte polas continuas persecucións ás que eran sometidos os seguidores deste movemento cristián. Seu pai era gobernador nomeado polo emperador para rexer os destinos das dúas provincias, Galicia e Portugal, naqueles intres baixo o poder do imperio romano.

Mariña e máis a súa irmá Liberada criáronse fóra do fogar por mor de que seu pai non poidera pensar por un só intre que as súas fillas foran educadas nesa relixión polo que a nai chamada Calsia arranaxábase para mandalas a outros fogares fóra do alcance do pai, debido a ese odio que mantiña e trasmitía nunha persecución sen tregua en contra da relixión cristiá; quizais ese fora o motivo e ante a imposibilidade de frear a súa vocación o que o levou a encerralas.

Chamounas a palacio e con sangue frío invitounas a renunciar ao que el supoñía unha blasfemia.



Fonte da Santa Mariña

Elas non só non renunciaron senón que xa no cárcere fuxiron intentando atopar acougo. Foron martirizadas e asasinadas ao caer nas mans de quen non entendían o que as movía. O símbolo da palma que porta maxestuosa Mariña non e máis que o reflexo dese martirio.

Os últimos datos din que os seus restos foron levados a Baiona, Pontevedra, aló polo ano 1515. Tamén se di que a santa parou na nosa parroquia a descansar e que estivo sentada nunha pena alá arriba cerca da capela do San Vitorio contemplando quizais a beleza e a larganza que dende alí pode darnos un día claro de verán, un día coma o 18 de xullo, un día adicado á nosa patroa. Na pedra onde estivo sentada poden verse as marcas do seu asento así coma das mans que apoiou a ámbolos lados. Alí na fonte da Santa onde gurgulla auga que nunca se acaba había un carballo (máis tarde queimado polo lume) que se podía ver dende moitos kilómetros. A fonte, a nosa fonte, segue manando verán e inverno do mesmo xeito que

tantos e tantos romeiros visitaron e visitan tan idílico paraxe.

Na igrexa parroquial de Cabreiros, elegante e maxestuosa, érguese a imaxe da Santa Mariña co seu manto de gala de cor vermella, pero máis claro que o que habitualmente luce, resaltando por encima doutras peculiaridades a súa faciana anxelical que amosa eterna xuventude dando sensación de paz. Como dato anecdótico dentro da aura que a envolve, subliñar que a súa perruca é de pelo natural e foi doada por unha freguesa hai máis dun século.

AUTOR: Federico Cabaleiro Ardao

Traballo presentado na primeira edición de Xermade na historia realizado por Patricia Cillero Ramos sobre a Santa Mariña de Cabreiros.



Imaxe da Santa Mariña

AGRADECIMENTOS:

Primo Silva Silva - A Touza

Carmen Pardo - Cabreiros

Mamen Amarelo Freire - Cabreiros

Carmen Criado Doval - Empalme

Elba Rochela Ramil - Empalme

Lola Rodríguez Peleteiro - O Empalme

Manolo Ares Balsa - Empalme

Manuel Cabaleiro Ardao - Empalme

Celestino Gato Seijido e Mercedes Ramos Silva - O Chao

Edelmiro Arias, Mari Carmen Arias Paz - Cabreiros. (Cernadas)

Xosé Manuel Felpeto - O Chao

María Guizán - O Chao

Adolfo Cabarcos - Reguengo

Tomás Cupeiro Seco - Reguengo

Ana María Bermúdez Vivero - San Martiño

José Seco Hermida e Luz Seco Hermida - Vilacide.

María Antonia Bermúdez González (Maruja)

Ovidio Cabaleiro e Alicia Ledo - O Chao

Federico Cabaleiro - O Chao

Memoria gráfica dunha comunidade rural

Ramón Villares

É agora case un lugar común admitir a crise, cando non o colapso, da parroquia rural galega. Argumentos para soste esta diagnose non escasean. A crise da agricultura tradicional, o éxodo rural masivo, o descenso das prácticas relixiosas asociadas á igrexa parroquial, a perda de lugares de sociabilidade (incluídas as festas patronais) e a centralización nas capitais dos concellos de moitas actividades antes desenvolvidas nas parroquias, son expresión dun proceso histórico global no que este vello modo de organización do espazo e da sociedade local está posto en causa. É preciso ter conta destas mudanzas, pero non ficar “estatuado”, como lle aconteceu á muller de Lot, lamentando o paraíso perdido. Porque é ben sabido que na historia non hai nada impermeable ás mudanzas, como reza aquel vello *dictum* de que mesmo “todo o que é sólido disólvese no ar”.

Pero o pasado está feito de moitas capas e a súa sustancia non desaparece de forma instantánea en toda a súa extensión. As comunidades humanas teñen unha base material pero, sobre todo, un fundamento cultural moi sólido que perdura máis do que se pensa. As casas, a organización das labranzas, as festas e todo canto se conta neste libro poden desaparecer na súa aparencia física ou, no caso de remaneceren, mudar de significado. Pero o recordo do vivido dura moito máis, primeiro como memoria individual e despois, convertida nun valor social e histórico, como memoria colectiva transmitida interxeracionalmente. Para lograr esta preservación é preciso que haxa conciencia dese devalo e unha vontade decidida para transmitir este patrimonio por outras vías.

E isto é o que se conta neste libro, que ten unha

fasquía de obra comunitaria e colaborativa, tinguida dunha grande paixón por un pasado que se sabe mudado, pero que se quere legar ao futuro. Esa transmisión pode lograrse de moitas maneiras, recollendo testemuñas documentais e historias de vida, ou facendo investigación de arquivo. Pero neste caso, lógrase a través da memoria gráfica dos seus moradores, vivos ou finados. Debo confesar, coa miña experiencia de ter nacido e vivido algúns anos da infancia e logo moitos máis de forma intermitente, nunha aldea do propio municipio de Xermade, que todo canto se conta neste libro me resulta próximo e mesmo familiar, como as festas da Santa Mariña ou no Carrizo, que aquí se recollen en varias fotos. Non hai miga de melancolía, senón alegría de saber que existen hoxe, nesta parroquia de Cabreiros, persoas que non só recordan, senón que gardan e proxectan cara o futuro o pasado da comunidade. Porque o pasado non ten valor se non axuda a iluminar o presente.

Os contidos do libro amosan que se aspira a reconstruír de forma coherente unha pequena comunidade local a través de fragmentos que son, neste caso, unhas dúcias de fotografías. A fotografía foi esencial para a sociedade do século XX (e, baixo outras técnicas, segue a selo na actualidade) porque axudou a crear identidade e, ao tempo, a traspasar fronteiras. É ben coñecido o rol da fotografía no mantemento dos afectos familiares entre quenes emigran e os que fican na aldea. Unha foto feita en La Habana afortalaba a unidade familiar e, sen dúbida, era correspondida por fotos que acompañaban as cartas que se escribían desde Cabreiros ou calquera outra aldea galega ou non galega. Pero moitas das fotos recollidas neste libro constitúen verdadeiros documentos que contan os cambios materiais e culturais que teñen lugar na parroquia. As segas ou as mallas, os traballos da

terra ou o coidado dos animais, mostran a transición dunha sociedade rural tradicional cara unha máis moderna. As formas de sociabilidade van mudando, coas orquestras que inzan na parroquia, prácticas deportivas moi xeralizadas e, sobre todo, cos cambios que se advirten na vestimenta, onde aparecen de modo precoz minisaias e pantalóns de “campana” como estaba a suceder na sociedade urbana española e, desde logo, europea daquela altura.

Agora que falamos de continuo dos efectos da globalización, nesta pequena aldea chairega vemos como se vai pasando dos zocos que levan os nenos na escola ás saias plisadas que, nos anos setenta, gastan as rapazas. Porque hai en Cabreiros dous factores que, sen seren obxecto de ningunha fotografía concreta, están a certificar esas mudanzas: as escolas cheas de nenos e nenas, os mestres e mestras que son os axentes activos dese ascenso social e cultural e a estrada ou “carretera” como lugar de sociabilidade, de “paseo” de mozos e mozas nas tardes domingueiras. Vantaxes de estar á beira dunha estrada e dun “empalme” que unía a parroquia con Viveiro, As Pontes, Vilalba e mesmo con Ferrol. Agora ben, estas mudanzas teñen lugar nunha parroquia rural, que integra a asimila influencias externas, pero que non perde o seu estilo e identidade. Nada que ver coas vilas próximas ou co “poblado” das Pontes.

Unha parroquia, por pequena que sexa, é un microcosmos que resume unha forma de ver o mundo. Non é un espazo fechado, como amosa non só a emigración senón a permeabilidade con que se van incorporando, nos traballos e no lecer, as formas de vida da cultura contemporánea. Non se ven neste acervo fotográfico transistores nen aparatos de televisión, pero certamente era por estes medios, e pola propia mobilidade da poboación, por onde chegaban

ou se difundían estas mudanzas que, certamente, refutan moitos estereotipos sobre a condición estática ou atrasada da sociedade local galega. Cabreiros non podía ser unha excepción e así fica ben demostrado neste libro, concebido con sentido histórico e feito con moito cariño e dedicación.

O libro tamén se pode considerar como a mellor demostración de que a parroquia de Cabreiros é algo vivo, que non se contempla con nostalxia senón con dignidade e mesmo con orgullo. A recolla das fotografías agora publicadas, que certamente animarán a que aparezan moitas máis neste ou noutras parroquias da contorna, confirma que é posible construír a historia de aldeas e lugares que, aparentemente, pertencen á categoría das xentes “sen historia”. Hai algúns anos tiveron a ocasión de prefaciarse un libro, feito por un médico asentado en Cataluña, sobre a súa aldea natal na bisbarra d'A Cañiza. Alí estaba case todo, as xentes, os traballos, os xogos, os contos e lendas..., pero faltaban imaxes. Agora, a vida da xente de Cabreiros é contada a través de imaxes, tomadas e reveladas artesanalmente en La Habana, nas Pontes ou Vilalba por fotógrafos case anónimos, que ían de festa en festa, e que, sen se decataren, estaban a construír de modo fragmentario a historia dunha aldea. Pero faltaba algo para que aparecesese este Cabreiros no tempo. Ese algo é o intenso traballo cultural e asociativo que comandan os veciños Xosé Manuel Felpeto e Suso Rodríguez. Os meus parabéns para eles, para as xentes da parroquia, para os autores dos textos e para os doantes das fotos. As fotos terán agora mellor vida da que tiñan nas gavetas dos seus propietarios e os moradores de hoxe e do futuro han ter un espello no que, de cando en vez, se poidan mirar e ter algo que contar aos seus herdeiros.

ÍNDICE

EMIGRACIÓN	11
A EMIGRACIÓN A AMÉRICA E A EUROPA	12
O AGRO	25
ACTIVIDADES AGRÍCOLAS	26
MÚSICA	39
CABREIROS BERCE DE MÚSICOS	40
IGREXA	51
IGREXA PARROQUIAL DE CABREIROS	52
ESCOLA	67
A ESCOLA DE CABREIROS	68
FÚTBOL	79
O FÚTBOL EN CABREIROS	80
FESTAS	91
FESTAS PATRONAIS E DAS OUTRAS	92
SERVIZO MILITAR	107
A MILI	108
XENTE	119
OS VECIÑOS	120
DOCUMENTOS	143
OS PAPEIS	144

FOTOGRAFÍAS



EMIGRACIÓN

A EMIGRACIÓN A AMÉRICA E A EUROPA.

A través dun intenso traballo de recompilación e estudo das imaxes esta obra ofrece un álbum fotográfico que nos permite percorrer a evolución da sociedade e das familias de Cabreiros. A maiores do gran valor sentimental que atesoura, compre tamén un labor pedagóxico e divulgativo, achegando ás novas xeracións de Cabreiros e de Xermade unha panorámica sobre a vida das xentes sinxelas que foron desenvolvendo na parroquia, dende aquí ou dende a diáspora.

Este capítulo recolle as saídas, as chegadas, a vida laboral e a vida cotiá dos emigrantes de Cabreiros nos seus destinos en América e Europa.

Dende finais do século XIX ata a década dos 30 do século XX desenvolveuse a etapa coñecida como emigración masiva a América na que máis de dous millóns de galegos cruzaron o Atlántico cara o continente americano. A Cabreiros chegaban emigrantes retornados e noticias que falaban das oportunidades da vida en América, o que animou a que moitos mozos participaran nesta viaxe cara a Cuba e Arxentina buscando novas oportunidades económicas que a súa terra de nacemento non lles daba.

Unha vez aló só restaba ter amigos, gañas de traballar e sorte para poder atopar traballo e integrarse no mercado laboral. Sobran exemplos de veciños de Cabreiros que coma moitos máis da Terra Chá traballaron en moblerías, casas de empeño e préstamos, bodegueiros, carboeiros, etc.

O traballo e as novas experiencias vividas na

emigración fixéronos medrar e tamén fixarse na súa familia e na súa parroquia. As dúas foron o destino das remesas económicas que enviaban ou que traían unha vez finalizada a súa etapa en ultramar. Tamén promoveron un proceso de organización social coa constitución de numerosas sociedades. Na Habana, Bos Aires e Montevideo foron fundadas a principios do século XX un gran número de sociedades de instrución coa finalidade de dotar as parroquias e municipios de orixe dun grupo escolar. Este foi o caso das entidades, Sociedad Burgás y Candamil (1917), Liga Agraria de Xermade, Sociedad El Progreso de Lousada (1916), Hijos de San Mamed de Momán (1917), Sociedad Hijos de Roupár (1913) nas que ingresaron como socios moitos veciños de Cabreiros. Grazas ao diñeiro enviado por estes foi construída a Casa Escola do Chao e outras no concello de Xermade.

A partir da década dos 60 do século XX comeza outra corrente de emigración de galegos e veciños de Cabreiros cara Europa atraídos polas ofertas de traballo de países como Inglaterra, Francia, Bélxica, Alemaña ou Suíza. Moitos regresaron para edificar a súa casa, mercar terras e coches e contribuír finalmente ao desenvolvemento económico de Cabreiros.

Veciños e emigrantes perfilan neste capítulo a crónica gráfica da terra de Cabreiros, onde o pasado e o presente se conxugan. Por iso a obra constitúe unha homenaxe a todos os veciños e veciñas de Cabreiros que tiveron que emigrar en tempos difíciles e apostaron por voltar á súa terra.



Álvaro Ramos Silva
(home alto con lentes),
veciño do Chao
emigrando a Venezuela
dende o porto da
Coruña. 1960



Gumersindo Seco, veciño de Vilacide emigrado a La Habana no ano 1922



Antonio Ares, de Cabreiros, emigrado a Cuba. 1925




Carlos Rodríguez de Burgás (sombreiro), emigrado a Pinar del Río, Cuba, para traballar nunha carboeira con veciños da zona. 1924



Jesús Criado Silva e Adelaida Doval. Casaron na Habana. 1926



Jesús e Carmen Criado Doval. Naceron na Habana, fillos da emigración de Cabreiros. 1931



Adolfo Cabarcos Ramos. Veciño de Cabreiros emigrado a La Habana no 1930



Adelaida Doval Suengas de Rodeiro, muller de Jesús Criado Silva do Empalme. Emigraron a La Habana. Anos 20



Familiares de Manuel Ares do Empalme emigrados a Cuba.
1924



Gumersindo Seco de Vilacide traballando no
bodegón na Habana. 1927



Ramón Ares cos seus irmáns Antonio e Vicente, emigrados a Cuba. Principios século XX



José M^a Seco, veciño de Vilacide, emigrado a La Habana en 1927 por motivos de saúde, buscando un clima mais favorábel. Levouno seu irmán que xa estaba aló. 1927



Manuel Seco Silva saíndo co seu cabalo na Arxentina. 1950



Federico Cabaleiro Ardao
emigrado a Francia. Anos 50



Alicia Ledo e Ovidio Cabaleiro, emigrados a Francia. Foto no parque Monceau, París. 1966



Alicia ledo e Ovidio Cabaleiro emigrados a Francia, París. 1965



Federico Cabaleiro no aeroporto de Orly. Francia. 1961



O AGRO

ACTIVIDADES AGRÍCOLAS

O modelo do agro entre os anos 40 e 60 podíamos adxectivoalo de continuísta ao non haber mecanización (o primeiro tractor aparece en 1958) probablemente nesas datas en todo o concello puidera haber tres ou catro. As tarefas eran máis manuais primando a comunidade e o cooperativismo partindo da base de que as familias eran numerosas comezando a traballar dende idades temperás. A normalidade estaba en tres ou catro vacas por casa en propiedade, aínda que había casos que traballaban con gando en arrendo ou vacas postas.

As actividades mais comúns dentro do ciclo anual comezaban no mes de xaneiro coa apaña da folla empregándose para facer as camas ao gando por riba dos toxos ou para botarlle á horta para que non saíra a herba. Cando os días ían indo a máis longos (marzo , abril , maio) comezábase a cavar e preparar os montes para a semente do trigo, cebada, centeo, etc. Este cereal entre montes e leiras era simplemente para consumo propio non habendo excedentes , tamén estaba a tarefa de plantar as patacas que polos anos 60 -70 e coa chegada dos abonos químicos e semente seleccionada si había excedente de produción supoñendo máis do cincuenta por cento da economía dunha casa. En xullo estaba a sega tanto da herba coma do propio cereal (centeo, trigo ou avea), a súa recollida e as mallas. Cando as leiras quedaban baleiras pasábaselles a grade fortalecéndose co esterco para a semente dos nabos a finais de agosto, primeiros de setembro. Ao remate deste mes entrando no

outono, había que voltar a sementar o cereal así como a recollida das patacas. Este ciclo continuísta repetíase cada ano sen esquecernos doutras tarefas máis domésticas propias do inverno coma zoquear aproveitando as noites para limpar as zocas, para en moitos casos ir vender o produto ás feiras. As matanzas dos porcos no mes de novembro e nadal ou a reparación das cabanas feitas de xestas e uzes.

Xa debido a unha maior solvencia económica ou tamén ao efecto da emigración vai chegando paseniñamente a industrialización coa mecanización do agro a partir dos 70-80; aínda que a día de hoxe o proceso en canto a concepto aseméllase moito ao de sempre, xa que as empresas de servizos agrarios realizan o traballo forte anualmente (transformación, sementeira, recollida de forraxe ou abonados) para as explotacións gandeiras.

Refraneiro:

- Por abril espigas mil, en maio espigado e San Xoán cencenado.
- Pola Santa Mariña québralle a raíz da fouciña.
- Esterco de folla pan pola gorra, esterco de xesta pan pola testa, esterco de palla pan pola cara, esterco de braña pan pola braga.



Mallas nas casas de Vicente Silva da Touza, cos veciños do barrio que lle ían axudar e máis na casa de Cabaleiro do Empalme. 1968 - 1973



Carmen Criado do Empalme
collendo nas berzas. 1960



Guillermina Hermida Castelo,
veciña de Vilacide dándolle de
comer ás galiñas. 1971



Francisca Carballeira coa "Parrula" alindando. 1970



Pilar Prieto Ledo no barrio de San Martiño, Cabreiros, sega do trigo. 1960

Tomás Cupeiro, Suso Cupeiro,
Tonete, Vicente Bañobre na
sega do trigo na leira Grande.
1974





Malla en Roupar, Carmen Vivero cos veciños. 1956



Remedios co seu home Pancho e o neno Ángel Francisco nun descanso na sega. Federico Cabaleiro trata de dialogar coa Careta. Anos 60



Manolo Cabaleiro facendo unha estaca de Salgueiro para un cerre. 1950



Sergio Bermúdez, (esqda.) veciño de San Martiño traballando en Asturias de canteiro. 1956



Carmen Criado do Empalme segando no trigo no Prado Vello. 1960



Xente na limpadora nunha malla na casa de Vicente Silva no barrio da Touza - Cabreiros. 1969



Remedios e Pancho levando un carro de esterco para unha leira. Anos 60



Nenos do Empalme nunha sega. 1969



Suso Rodríguez do Empalme alindando "A Roxa". 1972



María Guizán axudando nunha malla. 1971



Veciños de Vilacide recollendo un cheque (David Seco) que lle otorga a extensión agraria de Vilalba en presenza do alcalde de Xermade D. Manuel González (pantalón claro) pola reparación dos camiños do barrio, por un importe de 3000 ptas. 1976



Veciños do Empalme esfolando no millo na casa de Rochela. 1989



MÚSICA

CABREIROS, BERCE DE MÚSICOS

No ano 1905 aparece a banda de música de Santa Mariña de Cabreiros que duraría ata o ano 1936, que coma outras actividades culturais vese truncada pola Guerra Civil. O fundador desta agrupación foi D. Claudio Julián Miraz, que logo ocuparía o cargo de porteiro e horticultor no pazo episcopal de Mondoñedo durante máis de 20 anos. En 1935 crea a fundación para misas, misión parroquial cada cinco anos e predicación de frades no precepto pascual. O documento que outorgaba esta fundación estaba no poder do anterior párroco de pobo D. Luis Grandío Paz, gran amante da música e da cultura.

Claudio Julián Miraz forma aos compoñentes da banda:

- **Requinto** : José Caruncho / Celestino Gato Seixido
- **Clarinete** : Manuel Gato Maseda o Grande (director) / Arturo Alonso / Narciso López / José Gato Pardo / Modesto San Martiño (da Fraga).
- **Fliscorno** : Jesús Amarelo Gato / Ramón Gato Pardo (da Fraga).
- **Cornetín**: Ramón Gato Pardo do Tumbadoiro (2º director) / Claudio Julián Miraz (fundador)
- **Trompeta** : Daniel Amarelo gato / José Felpeto.
- **Saxo Alto** : Arturo Amarelo Gato (3º director)
- **Saxo tenor** : David González, de Bordelle / Guillermo Carballeira Carballeira.
- **Saxo barítono** : O Parañés das Pontes.
- **Trombón** : Daniel de Gervasio “O Carballeira” / Manuel Chao Pardo / Jesús Prieto Cela “de Joaquín”.
- **Bombardino** : Antón de Joaquín, Manolo Gato Maseda (sobriño de O Carballeira, Ramón Gato Pardo (2º director).
- **Baixo** : O Roxo de Grou das pontes / Ramón Amarelo Gato.
- **Bombo e pratos** : Modesto da Fraga
- **Caixa** : Francisco González de Cartelas.

Tocaban a misa de Ravanello, a de Te Deum Laudamus e a de Franco. Ensaíaban na casa da Ramona, antiga reitoral, dous días á semana.

Máis tarde, tal vez por diferentes puntos de vista, esta banda escíndese en dúas. D. Manuel Gato Maseda forma a banda de Burgás e a banda de Cabreiros queda baixo a batuta de D. Ramón Gato Pardo.

A partir dos anos 1939-1940 a xente volta da guerra e intentan reorganizar a banda, pero por un lado a falta de persoal suficiente para a formación e por outro a chegada das orquestras de jazz que viñan pisando forte, fai que moitas destas bandas desaparezan.

É entón, entre os anos 1943-1944 cando nace en Cabreiros a orquestra-jazz coñecida co nome “Orquestra Alegría”, que incorporará a músicos da anterior banda e ás novas xeracións de músicos e logrará resistir ata

o ano 1954; concretamente o día 7 de xullo de 1954 fai a súa última actuación na festa da capela de Bretoña onde entón estaba como cura D. Gil de Roupar.

Relación de compoñentes ao longo da vida da “Orquestra Alegría”.

- Arturo Amarelo (*Saxofón*)
- Ramón Amarelo (*Contrabaixo*).
- Daniel Amarelo (*Trompeta*)
- Francisco de Vilacide (*Batería*)
- Ramón do Rego (*Trompeta*)
- Raúl do Reguengo (*Trombón de Varas*)
- Robustiano do Reguengo (*Saxofón*)
- Pancho do Reguengo (*Saxofón e contrabaixo*)
- Celestino Gato (*Saxofón e clarinete*)
- Álvaro Ramos (*Voz*)
- Florencio Amarelo (*Batería*)
- Juan Souto de Candamil (*Saxofón*)
- Manolo Amarelo (*Contrabaixo*).
- Ovidio (*Saxofón / Trompeta*).
- Luis de Ledo (*Trompeta / Saxofón*).
- Luis Valero de Roupar.
- Gilberto de Piñeiro (*Trombón*).
- Federico (*Acordeón*).

Os efectos da emigración naqueles anos da posguerra foron o principal motivo desa desaparición. Os poucos compoñentes que ían quedando víronse obrigados en moitas ocasións a realizar innovacións e recuperacións formando novos profesionais ou recuperando a outros de comarcas próximas ata que á fin foise quedando sen o suficiente persoal cualificado e sen novas vocacións; motivos suficientes para deixar de exercer tan marabillosa profesión.

Deberíamos facer tamén referencia ao coro de Cabreiros formado despois da guerra polo entón cura da parroquia D: Alexandre e Celestino Gato Seijido encargado dos ensaios para a preparación da misa de Ánxeles. Cantarían tamén a misa do Galo e polo Nadal acompañados da Orquestra Alegría.

Nota: Texto recollido do libro “Cabreiros e un pouco do seu entorno”.



"A Lira de Cabreiros" Ramón Gato Pardo (1º esqda.) tocaba o bombardino. Suso Amarelo, Xoaquín. Había xente das Pontes, Francisco "Cartelas". Principios do século XX



"A Lira de Cabreiros" tocando en Vilalba polo San Ramón. Anos 40



Orquestra Alegria de Cabreiros nunha festa. Anos 40



Membros da Orquesta Alegría indo a xantar á casa duns veciños o día da festa. Anos 40



Orquestra Alegria de Cabreiros nunha festa. 1940



Coro de Cabreiros, actuaban na igrexa. 1951



Orquesta Alegría de Cabreiros. Moitos dos músicos eran de Cabreiros e máis dos pobos da zona, tiñan formación musical militar. Tocaban en verbenas e salóns de baile, como o que había no Empalme. 1954



Orquestra Puentes, José Felpeto (saxo) de Cabreiros. 1948



IGREXA

RELIXIÓN

Igrexa Parroquial de Cabreiros

Na igrexa parroquial de Cabreiros celébrase a Santa Mariña, patroa desta parroquia. Nun principio o día coincidía coa súa onomástica, o 18 de xullo, máis tarde cambiouse de día para non coincidir coas festas dunha vila próxima, As Pontes, pasando a celebrarse o segundo domingo do mes de xullo, data na que se segue a festexar hoxe en día.

Nalgún tempo, non tan lonxe, días antes da festa empezaban a chegar xentes de toda a comarca a cabalo, en carros ou andando. Moita desta xente chegaba guiada pola fe que se lle ten á Santa Mariña; os romeiros subían andando á fonte da Santa, denominada así, xa que nela cóntase que aparecía a Santa Mariña sentada nunha pedra que temos a carón do manantial . Xa entrada a noite todos volvían ao adro da igrexa para seguir a danzar na verbena. Este adro tamén foi utilizado como campo de fútbol nas moitas mañás de recreo polos rapaces e rapazas da escola.

A antiga igrexa parroquial parecía ser obra de dúas épocas. Unha parte da nave era do S. XVI e a capela maior pertencía ao S. XVIII. Encima do dintel da porta lateral había un relevo que representaba unha figura humana espida. A capela maior tiña un arco de medio punto. Na pilastra dun dos arcos cegos aparecía unha inscrición do ano 1746. O retablo maior tiña un relevo que presenta a San Antonio de Padua e tamén unha imaxe de San Roque, ambas do S. XVIII. Este retablo era rococó. O retablo esquerdo era neoclásico, do S. XIX. Había nel esculturas de San Caetano e de San Antonio de Padua do S. XIX, e da Nosa Señora do Carme do S. XVIII. Destacaba

tamén unha cruz parroquial do S. XVIII que levaba un relevo de Santa Mariña, patroa da parroquia. Cáliz de prata do S. XVIII”.

Sen embargo, hai que engadir que a torre das campás estaba separada do resto do edificio. A nave era rectangular con teito de madeira a dúas vertentes. A sancristía estaba ao lado norte do presbiterio. Os muros eran de pedra e o recubrimento do tellado de lousa.

Queda por dicir que o retablo maior da antiga igrexa tiña columnas salomónicas, e no retablo da nave había unha imaxe da Santa Mariña, a titular da parroquia.

Non obstante, na actualidade a igrexa vella non existe. No ano 2006 rehabilitouse como praza e nela recolocáronse os restos da antiga igrexa parroquial, na mesma localización. Nesta praza puxéronse catro arcos e os restos do altar da antiga igrexa.

A igrexa nova foi inaugurada sobre o ano 1980. Non conserva os retablos. No seu lugar no altar atópase un crucifixo con Cristo crucificado sobre un pano vermello que colga da parede do altar. Á man dereita do altar sitúase a Virxe do Carme, co escapulario na man esquerda e o Neno Xesús sentado na man dereita.

Á esquerda da mesa do altar sitúase Santa Mariña, vestida toda en vermello, tanto a capa como o vestido. Ámbalas prendas contan con bordados en dourado.

Capela de Reguengo

A capela de Reguengo ou capela de San Xosé é unha capela particular adicada á Sagrada Familia. Con estrutura de planta rectangular e teito de madeira a catro augas. Está orientada ao oeste, construída con pedra e tellado de lousa. Ten un retablo neoclásico do século XIX. Posúe tamén un relevo do Pai Eterno e escultura da Sagrada Familia da mesma época.

Posúe uns frescos en referencia á sagrada familia feitos por un pintor e cóntase que estivo no Reguengo durante seis meses sendo o pago ao rematar o traballo en moedas de ouro. Conta a historia que foi atracado no camiño perdendo todo pero salvando a vida.

Cruceiros de Cabreiros

Cruceiro de Rebellón, no camiño do Chao a Vilacide, no cruce ás casa de Rebellón.

Cruceiro do Rego, no camiño de Cernadas ao Tumbadoiro e cruce ó lugar de Castro.

Cruceiro de Cabreiros, preto do cruce de camiños do Chao a Cabreiros co que vai a Portonovo ao lado do rego que baixa de San Vitorio.

Cruceiro de San Martiño, no lugar de San Martiño á beira da estrada Vilalba - As Pontes, no cruce de camiños que vai á ponte de San Martiño a Vilacide.

Cruceiro do Chao, ao lado da igrexa parroquial nova de Cabreiros, preto da estrada Vilalba - As Pontes.

Cruceiro de Leboré, a un lado da estrada Viveiro - Betanzos, no cruce do camiño aos lugares de Leboré e Reguengo.

Cruceiro da Touza, no lugar da Touza, nunha

encruzillada de camiños, ao Empalme, Reguengo, e a Roupar de Abaixo no xardín dunha casa.

Cruceiro do Empalme, no cruce do camiño ao lugar da Touza coa estrada Vilalba - As Pontes.



Procesión pola Santa Mariña. 1945



Excursión a Viveiro dos nenos de Cabreiros cos curas de Burgás D. Alfonso e o de Cabreiros D. Santiago.
Anos 40



Primeira comunión de Lola Rodríguez Peleteiro, veciña do Empalme. 1950



Primeira comunión de Mari Carmen Otero cos seus pais. Roupar. 1970



Primeira comunión de José e M^a Carmen Guizán co seu tío avó Julio, na igrexa vella de Cabreiros. 1972



Ana María, Maruja, Carmen, Laura, Lola e Maribel de Cabreiros durante a confirmación de Ana, M^a Laura e Maribel. 1966



Confirmación de Berta Franco coa súa madriña Carmen do Empalme na igrexa de Cabreiros. Despois dábanlles o chocolate na escola. 1962



Jesús Bermúdez de San Martiño pola súa comunión. 1968



Festas da Santa Mariña. José Seco (esqda.) e Antón María Rivas (drta.) porteadores. 1972



Luis Felpeto e Jesús Bermúdez o domingo de Ramos en Cabreiros. 1978



Primeira comunión de Manuel Ares na igrexa de Cabreiros coa súa familia.
1964



Primeira comunión de Suso Rodríguez coa súa familia.



Procesión festa Santa Mariña de Cabreiros.
Amable, Ramón e Edelmiro. 1965



Procesión pola Santa Mariña. 1965



Domingo de Ramos na igrexa vella. 1970



Recordatorio comunión Adolfo Cabarcos. 1969



Recordatorio comunión de Pilar Paz Carballeira. 1969



Procesión Santa Mariña. Anos 70



Procesión pola festa da Santa Mariña en Cabreiros. 1978



ESCOLA

A ESCOLA DE CABREIROS

Cabreiros non contaba cunha Sociedade de Instrución en América que a representase como tal e que dende a mesma se promovese a construción do edificio como sucedeu en moitos puntos da xeografía galega, polo que a iniciativa de construír unha escola xurdiu dos veciños, froito da necesidade imperiosa de ter un centro escolar de calidade, xa que por aquel entón o lugar destinado á escola estaba sendo unha casa particular, e como a taxa de natalidade era moi alta os espazos quedaban moi reducidos.

O cura e o mestre, que era o que máis de cerca sufría a situación, decidiron falar coa xente para poder barallar a idea de construír unha nova escola, un edificio digno, no que nenos e nenas poidesen ter unha educación de calidade. A finais de 1925 os veciños/as constituíron unha asociación para poder coordinar todo o proceso de creación da escola, que tiña como presidente a Don Vicente Ramos Blanco.

Tiñan como punto de partida unha finca que doara o cura que estivera con anterioridade na parroquia, Don Francisco Luis Pico y Guerra, que lla deixou en herdanza á súa familia coa condición de que nela se construíse a escola. Era unha finca grande e nese momento unha familia, coñecida por todos como “Os de Florinda”, estaba interesada en comprar a finca case na súa totalidade, o que serviu para vender toda a extensión, salvo a empregada para levantar a escola, e así obter unha certa cantidade de cartos que eran moi necesarios para comezar as obras. Dado este paso, o 13 de febreiro de 1926 foi

cando tiveron nas súas mans a escritura da escola. Todas as familias tiñan que aportar algo, tal e como se acordara dende a comisión formada para xestionar o proceso. Ou ben se colaboraba cunha pequena cantidade económica, ou senón tiñan que traer pedra de calidade para poder levantar as paredes do edificio; se non podían aportar ningunha das dúas cousas entón axudaban coa súa man de obra na construción.

O proceso de construción foi pouco a pouco. Durante a Guerra a armazón do edificio quedou rematada. Era unha época difícil e as obras paralizáronse, xa que faltaban mans para traballar e sobre todo cartos cos que poder seguir adiante. Pasada a Guerra pensaron que se deberían retomar as obras do edificio. Apareceu o contacto do deputado Soto Reguera, era de Viveiro, mantiña certa vinculación con Cabreiros e doou 3.000 pesetas, coas que se lle puido poñer o piso á escola e tamén as portas e as fiestras. Foi aquí cando tamén os emigrados enviaron as súas contribucións, logo de pedirllas axuda, e grazas a ela rematouse a escola.

O resultado foi un edificio de dúas plantas, no cal a parte superior estaba destinada para as vivendas dos mestres, unha para a mestra e outra para o mestre. Estas vivendas estaban dotadas de tres dormitorios, unha cociña, unha despensa, o comedor e o retrete. A planta baixa do edificio tiña dous accesos, para un lado estaba a escola das nenas e para o outro a dos nenos. Os dous locais tiñan a

mesma distribución, a entrada na que estaban as escaleiras para acceder ás vivendas e tamén os w.c., e logo a aula. Por último, había un patio exterior na parte de atrás do edificio, que era común para nenos e nenas.

Foi no ano 1947-1948 cando comezou a andar o curso escolar na escola, e aínda que estaban estreando un novo edificio con máis espazo e maiores comodidades, case semellaba querer quedar escaso de novo, ante o número tan elevado de pequenos/as que había nese momento en idade escolar.

A escola unitaria pechou as súas portas no curso 1999-2000, tras lograr subsistir nos últimos anos ao contar con nenos e nenas de parroquias limítrofes, ademais dos de Cabreiros. O peche do centro supúxolle ao lugar perder esa identidade que a escola lle outorgaba.

Cando a escola deixou de funcionar como centro educativo, a Asociación de Veciños de Cabreiros pediu permiso á parroquia para poder ter todo o edificio como local social, rehabilitalo e seguir dándolle vida. As pedras da paredes que antigamente acolleran lecturas, sumas, restas, debuxos, escritos, cantos, risas, choros... volven agora a ver as caras de moitos deses alumnos e alumnas que por ela pasaron, algo máis medradas, algunhas xa con engurras, pero sempre con esa ilusión nos ollos e entrando pola porta con infinitas gañas de seguir aprendendo cousas, nas numerosas actividades que dende a asociación se levan a cabo.



Nenos da escola de Cabreiros co mestre D. Fermín. 1942



Grupo de nenas na escola de Cabreiros con Dona Fe. 1963



Maruja Bermúdez e Encarna González. Vilacide. 1947



Lola Rodríguez do Empalme nunha foto de recordo escolar . 1945



Elba Rodríguez Pico e o seu irmán Joel na escola. 1947



Alumnas da escola de Cabreiros con Dona Concha. 1944



Manuel Ares na escola de
Cabreiros. 1965



José Manuel Felpeto na
escola de Cabreiros. 1972



Homenaxe ao profesor Don Benigno Vázquez (centro traxe) en Cabreiros. 1978



Rapaces de Cabreiros nunha representación teatral na escola do pobo en fin de curso, promovida pola mestra Mari Carmen Ónega. 1984



FÚTBOL

O fútbol en Cabreiros

Segundo o regulamento da Sociedade Unión Sporting Club de Cabreiros, elaborado por José Ramos Silva (Pepito), este equipo constitúese no ano 1932 co fin de que os seus afeccionados e amantes do balompé se relacionen co deporte e a cultura.

O obxecto desta sociedade de acordo co seu artigo 2, sería propagar esta clase de deporte coa mira de desenvolver o temple físico e moral da xuventude e de cooperar noutras diversas manifestacións deportivas.

Ao longo de moitos anos o equipo de Cabreiros foi punteiro en diversas competicións locais, chegando incluso a abastecer as filas de equipos, xa federados, da sona do Club de Fútbol de As Pontes ou o Racing Vilalbés. Estas competicións locais disputábanse maiormente na época estival entre as parroquias limítrofes, tanto do Concello de Xermade coma doutros próximos. A rivalidade, sempre sa, levaba consigo a que houbera sempre unha gran afluencia de público e ao mesmo tempo, debido á gran cantidade de rapaces que había no rural, facía que existise entre os equipos un gran nivel de competitividade.

No ano 1987-88 o equipo pasou a federarse, acadando o seu primeiro ascenso a Primeira Rexional no ano 1989-90, manténdose nela só unha temporada. Foi campión da Copa da Deputación na temporada 1996-97; conseguiu outro ascenso á Primeira Autonómica no 2007-8, estando durante

7 tempadas nesta categoría, perdendo a mesma na temporada 2014-15. Dende aquela, segue na Segunda Rexional Autonómica, a mesma na que comezou.

Actualmente conta cun número de socios de 150 aboados e a situación do campo de fútbol está na Acea. Presídeo D. Ramón Gato Ramos.

Un dos xogadores históricos do Cabreiros foi Fermín Ramos, do Chao, e os eternos rivais son o Roupar e o Xermade.



Equipo de fútbol de Cabreiros no campo do Roupar. Gañaron 4-3. 1949



Equipo de fútbol de Cabreiros. 1953



Equipo feminino de Cabreiros na festa en Castiñeiras - Xermade. Xogaban contra o Castiñeiras. 1971



Entrega dun trofeo ao equipo de Cabreiros durante a festa da Santa Mariña. Recolleuno Martín da Serra. Cabreiros 6 - Roupar 0. 1970



Ana M^a de Remedios, Manuel e Carmen Pardo celebrando a vitoria dun partido de fútbol do Cabreiros. 1973



Equipo de fútbol de Cabreiros (no Empalme). 1970



Rapaces de Cabreiros na festa da Santa Mariña celebrando un torneo de fútbol. 1967



Equipo de fútbol de Cabreiros celebrando a vitória contra o Roupar. 1973



Equipo de fútbol de Cabreiros.
1977



Equipo de Cabreiros no
campo do Piñeiro. 1980



Recollida do trofeo da
copa Deputación de Lugo.
Recolle Vicente Pena
(capitán). Anos 80



Equipo de Cabreiros no
campo da Acea. 1996





FESTAS

FESTAS PATRONAIS E DAS OUTRAS

No barrio do Reguengo celébrase o 19 de Marzo a festa na honra de San Xosé, vestindo a capela de flores e candeas que permanecen acendidas en sinal de devoción.

Chega o mes de xullo e Cabreiros celebra as súas festas parroquiais na honra a Santa Mariña. Aínda que o día propio é o 18 de dito mes, dende hai xa varios anos, teñen lugar o segundo fin de semana para evitar así coincidir coas festas do Carme de As Pontes.

Estas festas prolónganse ao longo de tres ou catro días: o venres é o día da verbena, sábado e domingo celébrase unha misa xunto cunha procesión, para continuar, no campo da festa, a sesión vermú. Á tardiña xógase un partido de fútbol entre o equipo do Cabreiros e outro visitante. Chega a noite, e ao redor das 11, ten lugar a gran verbena. Ao día seguinte continúa a festa con este mesmo programa.

Antano o día 18 era día da Sta. Mariña Pequena, día no que continuaban os festexos, aínda que estes últimos anos é o luns cando ten lugar unha liscada para os veciños da parroquia.

No aspecto lúdico no barrio de San Martiño, todos os anos en agosto ten lugar a festa das merendas, concentrándose nunha carballeira veciños e achegados para desfrutar dun xantar así como da verbena.

Outras festas que se celebran desde tempos

inmemoriais, son as lumeiradas de San Xoán, o 23 de xuño, onde horas ou días antes os veciños xuntan na leña e organizan unha velada con sardiñas, churrasco e outras viandas, e por suposto regado con bo viño. No barrio do Empalme esta lumeirada serve para xuntar os veciños máis novos que xa non viven no lugar e están espallados por Galicia por mor do traballo. Aí xuntanse tódalas xeracións; avós, netos, fillos, cuñados, e consiguen que un ano máis o Empalme estea cheo de xente por un día como noutra hora non moi lonxana.

No local da asociación de veciños tamén algunhas veces faise algunha festa ou papatoria aproveitando algún evento ou data sinalada como pode ser o entroido, as xornadas interxeneracionais, a presentación dalgún traballo ou calquera outra cousa. E todo isto faise co propósito de xuntar os veciños para relacionarse entre si e tirar daqueles que se atopan fóra da parroquia e que volvan por ela de vez en cando.



Merenda na romaría da Santa Mariña, veciños das Pontes, Cabreiros, Roupar, Xermade e Muras na fraga dos Gato ou da Suiglesia. Xacobe do Reguengo (3º drta. arriba) mais "Os Fidalgos" (matrimonio 2ª fila esqda.).
Anos 20



Veciños de Cabreiros nunha festa facendo unha foto da minuto. Anos 30



Voda de Pepe e Otilia, cos padriños Etelvina e Luis. 1948



Veciños de Cabreiros na romaría da Santa Mariña. 1940

POÑER FOTO ROMERIA 2



Romaría do Rosario en Piñeiro. Familia de Tomás Cupeiro que foron pasar o día. 1960



Voda de Joel Rodríguez e Lola Rodríguez, veciños do Empalme. Na igrexa vella de Cabreiros. 1968



Asunción Rochela do Empalme e Manolo García. Casaron en Ferrol. 1951



Laura Souto, Mercedes Ramos, Lola Souto e Concha Ramos de Cabreiros facendo o paseo pola estrada xeral. 1948



“O trombón de Bordelle” con Manuel Cabaleiro (batería) no salón de Momán. 1955



Nos Milagros de Saavedra. Federico,
Marina Alonso, Maruja Carballeira,
Concha Ramos e Eugenio Alonso.
1951



Federico bailando cunha moza nos Milagros de
Saavedra. 1951

Antón da Fraga, Rosendo da Carballesa, Manuel Pardo e Argemiro nunha festa na Santa Mariña. 1961



Orquestra Puentes nun baile no salón de Pola en Muras. 1958





Grupo de homes de
Cabreiros na taberna de
Hortensia no Chao. 1960



Julio, Félix, Antón, Primo,
José, Guillermo, José,
Arturo e Juan Simón.
Arturo e Antonio detrás
de pé, no salón do Naseiro
polo entroido. 1970



Orquesta Alegría de Cabreiros nunha festa. 1940



Francisco Cupeiro con Estrella do Aparral no San Xoán. 1968



Celestino Serra, María, Ángela e Edelmiro na festa do Campo en Roupar. 1964



Veciños de Cabreiros nunha festa en Roupar. 1960



Servando Prieto, Rodolfo Díaz, Andrés Castelo, José Seco, Ana Hermida, Julia e Milagros. Festa do San Pedro. Carrizo. 1966



Rodolfo Díaz, Andrés, Gildo, Servando Prieto. Festa do San Pedro no Carrizo. 1967



San Xoan en Cabreiros, salta Javier Felpeto. 1971



SERVIZO MILITAR

A MILI

O sistema de recrutamento forzoso introdúcese en España en 1.770 un Borbón, o rei Carlos III mediante unha ordenanza segundo a cal un de cada cinco mozos en idade militar tiña que incorporarse a filas (de aí ven o de “las Quintas, de cada cinco uno”) é dicir entre os 18 e os 40 anos, mediante sorteo terían que incorporarse cada ano no exército.

Os seus nomes extraíanse do padrón de mozos que formaban o censo militar. Ir á mili era ir servir ao Rei. A partir de 1.812, coa constitución liberal impúxose xa o recrutamento para todos. O soldado do Rei, pasou a ser soldado da Nación pasando a ser o servizo militar obrigatorio un deber constitucional. Cada quinta, é dicir o número de persoas que nacen nun mesmo ano, era reemprazada por outra ao rematar o seu servizo. De aí ven a palabra: reemprazo.

O recrutamento da xuventude de Cabreiros daquela época poderíamolo encadrar en varios aspectos, algúns deles positivos, servindo de coñecemento tanto no ámbito social como xeográfico dos distintos lugares e destinos naqueles sorteos de reemprazo. Tamén temos que subliñar que a parte disciplinaria era novidosa para o recruta acabado de chegar, levando consigo unha necesaria adaptación para pertencer a un corpo do exercito resultando nalgúns casos proveitoso de cara a facer carreira militar. Pola contra, ese período de ausencia sen poder achegarse aos familiares e amigos resultaba dunha dureza emocional especial, xa que soamente podían voltar ao fogar dúas ou tres veces en toda a estadía militar que adoitaba durar incluso ata tres anos. Era esta ausencia a que levaba aos familiares máis

achegados e cun custo económico significativo a desprazarse para ver en primeira persoa as famosas xuras de bandeira.

Nalgúns casos e facendo especial mención á abundancia de músicos que nesta parroquia existían, servíalles como trampolín para seguir exercendo a súa profesión incorporándose nas bandas de música militares.



Valentín Balsa Souto, veciño de Cabreiros na mili en Teruel.
1936



Valentín Balsa Souto de Cabreiros durante a guerra civil (destacamento de artillería) Teruel. 1937

Alfonso Franco Castro, veciño
do Empalme na guerra civil.
1939



Alfonso Franco Castro (1º esqda.) veciño
do Empalme na guerra civil. 1939





Ramón do Tumbadoiro cun amigo na mili en Ferrol. Anos 20



Ramón Ares de Cabreiros facendo a mili. Anos 30



José Silva Seco (esqda.) e un amigo de Chantada, ían facer a mili. 1936



José Silva Seco facendo a mili en Plasencia, veciño da Touza. 1936

Manolo Cabaleiro do
Empalme (Cabreiros),
facendo a mili en Jaca. 1957



Joel Rodríguez Pico do
Empalme, (3º final) facendo a
xura de bandeira en Melilla. 1957





Primo Silva da Touza
(1º esqda.) xurando
bandeira en Parga. 1969



Mozos de Xermade na mili en Cáceres.
Eliseo Ramil, Liberato dos de Pontes,
Francisco Cupeiro. 1971



Adolfo Saavedra Cabarcos, mutilado da guerra civil (bando nacional) recoñecido cunha medalla en Xermade. Anos 70



XENTE

Os veciños

Xa dende principios do século pasado temos constancia do poder asociativo que exercían os veciños da parroquia de Cabreiros, a creación dun sindicato agrario católico (1930 - 1970) para mellorar a funcionabilidade do agro tanto en gandería coma nos propios materiais e produtos (patacas, sal, caliza, abonos, semente, etc.) que debían servir de base primaria para o florecer da economía nas familias. Non debemos esquecer que paralelamente e para aproveitamento do tempo de lecer se crean os estatutos do equipo de fútbol da parroquia, o cal supoñía outro empurrón baseado no movemento colectivo que necesitaba calquera sociedade para seguir medrando.

Seguindo con outros aspectos básicos e de análise de como a través de décadas se ía movendo a xente de Cabreiros podemos subliñar puntos importantes e non de menor medida aos antes expostos, como a creación desde principios do século XX da banda de música A Lira que se transformaría despois na emblemática orquestra Alegría, así como o seu propio coro que nos anos cincuenta tivo a súa posta en escea ou o funcionamento dunha telleira no barrio do Empalme así como a colectividade á hora de exercer oficios (canteiros, ferreiros, zapateiros, legoeiros, etc.) para que as necesidades primarias estiveran cubertas para a veciñanza.

Salóns de baile como o do Seco no Empalme, onde ademais do baile tamén se facían representacións teatrais, talleres de costura, varias cantinas que servían ao mesmo tempo de supermercado, taller

de amaño de motos e bicicletas, etc. dando tamén un exemplo de xente emprendedora nunhas épocas duras e de poucos medios. Estes aspectos xenéricos pero que potencian o interese da xente tanto no aspecto cultural coma na recuperación do seu patrimonio etnográfico e histórico foron fortalecendo e apuntalando ata o día de hoxe unha semente que segue dando froitos; un exemplo claro e singular sería este traballo que agora ti lector téns nas túas mans, sen esquecer ese movemento asociativo que segue vivo e activo na parroquia de Cabreiros.



Familia José Seco e Josefa Silva de Vilacide onde se introduciu o retrato de Gumersindo Seco (1º drta.) enviado dende a Habana. 1917



Avó e a nai (Antonia Silva de Castro)
de Mercedes Ramos Silva do Chao.
1890.



“As Guizanas” de Candamil. Anos 20



Segunda Ramil Cela veciña da Riveira coa
súa filla Asunción. 1927



Emilio do Empalme, José Carballeira de Cabreiros e Ramón Gato. Foto de estudo. Anos 20



Concepción de Castro Carballeira (1ª esqda.) de Xermade cunha amiga nunha festa. Era a nai de Fernando Amarelo de Castro. 1927



Jacobo Silva da Touza coa familia. Touza Vella. 1929



Alfonso, Diego, Pancho, Suso e Tomás Franco Castro
na festa da Santa Mariña. 1932

Familia Cabaleiro.
Generoso, Pepe, Celia,
Josefa Ardao (nai),
Ovidio, Pancho, Federico,
Manolo Cabaleiro estaba
na barriga da nai Josefa,
embarazada de tres meses.
1934



Familia Rochela Arias do Empalme. (Suso Rochela,
Manolo, Suso, Edelmiro, Cesáreo, Pepe, Guillermina
e Felicitas Arias con Plácido no colo). 1965



Familia Rochela Arias do Empalme. (Suso Rochela,
Felicitas Arias, Guillermina, Maite, Plácido, Yolanda
e Toño). 1979



Juana Seco coa súa filla Carmen, de Cabreiros. 1938



Pedro Cupeiro, trompetista dos Players, tiña familiares en Cabreiros (Tomás, Pancho e Suso do Reguengo). Anos 40



Alfonso Franco do Empalme co seu sobriño Diego, fotografía feita na Coruña. 1944



Celestino Gato Sejjido, veciño de Cabreiros e clarinetista da Orquestra Alegría. 1947



Orentino Ares do Empalme. 1954



Josefa González Paz. Vilacide. 1951



Manuel Ares do Empalme. 1957



Manolo Cabaleiro coa súa ISSO na carretera de Cabreiros. 1959



Ester Ramos Silva de Cabreiros, foi modista e casou cun policía secreta de Tui. Foi vivir para A Coruña. 1940



Delia Balsa de Cabreiros. 1954



Jacobo Silva da Touza Vella. Anos 50



José Felpeto Carballeira, faleceu con 9 anos, veciño de Cabreiros. 1959



Mercedes Ramos Silva "A Pastora", polo Entroido no Chao. 1950



Remedios camiño da súa casa co caldeiro de auga que foi buscar á fonte do Vidueiro, porque non tiñan aínda a da «traída». Anos 50



Avós maternos de Federico Cabaleiro, Manuela Bañobre e Francisco Ardao. Nacemento: 1870 e 1872, respectivamente. Un día de verán debaixo da figueira que había detrás da casa.



Foto que se fixo para o carnet de familia numerosa, os fillos de Carmen e Alfonso do Empalme. 1958



Nazario, Gaspar, Edelmiro, Amable e Generoso. 1958



Familia Ledo Prieto en San Martiño.
1965



Familia Carballeira en
Cabreiros. 1968



Santa Mariña en Cabreiros. Pilar Martínez, Pilar González, Ericelda Ramil, Maruja Pardo, Ángela Paz. 1955



Sergio Bermúdez e o seu fillo Jesús. 1960



Moceando no paseo de
Cabreiros. Lola, Pilar, Inés,
Maruxa, M^a Carmen e Delia.
1965



Lola, Francisco, Elba, Manuel,
Josefa, Manuel e Orentino. 1960



Grupo de mozas de Cabreiros pola festa. 1969



Grupo de rapaces de Cabreiros. 1974



Tomás Cupeiro e Luis felpeto de festa. 1975



Suso Rodríguez coa súa primeira bicicleta, veciño do Empalme. 1976



DOCUMENTOS

OS PAPEIS

A historia dunha parroquia pode ser contada de diversas maneiras, lembranzas fermosas ou crúas dos nosos antepasados que relatan con máis ou menos aderezos as singularidades da nosa familia ou da nosa contorna. Tamén a través da fotografía saen á luz belísimas imaxes levándonos a ese pasado recente antollándonos lonxe, ao non vivilo en primeira persoa.

En ocasións, as vivencias, os recordos, chegan a través doutros formatos pero sempre tratando de reflectir sensacións comúns e propias, a dor, o amor, a tristura, e tantas facetas das nosas vidas que nos axudan a entender como somos.


Pero hai outra parte, indispensable baixo o meu punto de vista, que nos achega á nosa realidade, ao noso pasado: Os documentos.

Para completar este libro cheo de vida, contamos con documentación que nos carreta aos inicios da casa escola, da igrexa, ou do xulgado, títulos de partillas familiares, cartillas de racionamento, documentos de identidade, “papeis” esenciais que cunha caligrafía artesanal revélannos fascinantes segredos.


Nestas páxinas desfrutamos desa escritura esquecida ou poderíamos dicir gardada nun faiado ou nun caixón con tanto mimo que as seguintes xeracións teñen a obriga de facela propia e espallala.

Textos que falan dunha historia que en moitos casos nin se sabía que existía. Textos que dan

proba do que se fixo e como se fixo ou dos nosos vencellos mais afectivos. Textos coa necesidade de atesouralos, porque son a nosa historia, a historia das familias, dos barrios, dunha parroquia, dun pobo.



Acta segregación de Vilacide. 1927



Acta dun xuízo no xulgado de Xermade, ubicado no Reguengo. 1857



“Cartera de Identidad” José Seco de Vilacide. 1927

- 2 -

Todos los emigrantes, salvo las mujeres e hijos menores de quince años que viajen en familia, deberán acreditar las circunstancias a que se refieren las páginas 2, 3, 4 y 5.

D. José Seco de Vilacide

que, según manifiesta, se propone emigrar a la Guatemala, y es de profesión toruclero, de estado soltero, que sí sabe leer, y escribir, y exhibe cédula núm. 3624 expedida en Guatemala, donde reside habitualmente; nació en San Juan, provincia de Gerona, el día diez de Diciembre de 1910, y es hijo de José y de Josefa, según Exposición 18 fo la 3ª de nacimiento de este Registro formado el 2 de Diciembre de 1828

Bello del
Juzgado o
Parroquia.

El Inscripción

Manando

(1) Acredita ante mí, o consta al folio núm. _____ del libro de Nacimientos del Juzgado Municipal o de la Parroquia. La certificación del párroco solo es procedente para los nacidos con anterioridad a 1870.

- 3 -

IMPRESIÓN DACTILOSCÓPICA DE

D. José Seco de Vilacide

MANO DERECHA		Meñiques.		MANO IZQUIERDA
		Anulares.		
		Dedos medios.		
		Indicos.		
		Puñares.		


“Cartera de Identidad” José Seco de Vilacide. 1927



Billete de 2 pesetas da república


 Nombre del afiliado María Josefa
 Apellidos Silva
Pernas
 Domicilio Cabreiros
 Profesión labradora

CARNET N.º 645
 a 1 de ENE de 1948

Firma del interesado

 (Sello de la Hermandad)


	
	
	
Julio 1948	Agosto 1948
Septiembre 1948	Octubre 1948
Noviembre 1948	Diciembre 1948

Cartilla irmandade sindical de María Josefa Silva Pernas. 1948

MINISTERIO DE TRABAJO
INSTITUTO NACIONAL DE PREVISION
CASSINOS Y SEGUROS UNIFICADOS



27/A/ 34.605

Subsidiado D. Jesus Rodriguez
Seco

natural de Cabreiros, provincia
de Lugo, nacido el día 14 de
Febrero de 891, estado casado


profesión agrícola, y domiciliado
en Gernade--, calle de
Cabreiros-Ropalme, n.º
Lugo, 20 de Febrero de 1958

EL DIRECTOR,


V. 9

(Firma del subsidiado)
Jesus Rodriguez

Cartilla de velez e invalidez de Jesús Rodríguez Seco. 1958





Cartilla profesional agrícola



Fotocopia pasaporte de Adolfo Saavedra, veciño de Cabreiros emigrado a Habana no 1930.



Libro de familia de Adolfo Saavedra, veciño de Cabreiros emigrado a Habana no 1930 e de María Antonia González Paz. 1952



DNI de Adolfo Saavedra, veciño de Cabreiros. 1979